

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DO ROSAL DE DATA 4 DE XULLO DE 2023 SOBRE A CREACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PLENARIOS E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Expediente: 1101/2023

Documento: Anuncio

De conformidade co disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á publicación do acordo do Pleno do Concello do Rosal, de data 4 de xullo de 2023, sobre a creación das Comisións Permanentes: CIAP e CEC:

“ PRIMEIRO.- Crear as seguintes Comisións Informativas permanentes que, como órganos complementarios do Concello sen atribucións resolutorias, terán por función o estudo, informe e consulta dos asuntos que sexan sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno, cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, así como o seguimento da xestión da alcaldesa, Xunta de Goberno Local e concelleiros/as que posúen delegacións:

- COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS PLENARIOS: Deberán someterse ao coñecemento da mesma todos os asuntos cuxa competencia corresponda ao Pleno do Concello.

SEGUNDO.- Crear a seguinte Comisión Informativa Especial, de existencia preceptiva conforme á normativa aplicable:

- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS: Terá por obxecto o exame, estudio e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación. de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

TERCEIRO.- Fixar o número de membros, incluído o Presidente efectivo, que integran as Comisións citadas e dado que tódolos grupos políticos integrantes da Corporación teñen dereito a participar nos órganos citados mediante a presenza de Concelleiros/as e que a composición debe acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos establécese a seguinte representatividade:

Número de membros por comisión incluído o presidente/a	COMPOSICIÓN		
	BNG	PP	G. MIXTO
7	3	3	1



Xoves, 20 de xullo de 2023

Núm. 140

- Os Concelleiros representativos na CIAP serán:
 - Ánxela fernández Callís: Presidenta (BNG)
 - Germán Fernández Rodríguez (BNG)
 - Alejandro Gonzalez Martínez (BNG)
 - José Carlos Martínez Crespo (Mixto)
 - Carlos Rodríguez Vicente (PP)
 - Javier Calvo Simois (PP)
 - Lucía Diego Martínez (PP)
 - SUPLENTE BNG: Beatriz Rodríguez Alfonso
 - SUPLENTE PP: Fernando González Míguez
- Os Concelleiros representativos na CEC serán:
 - Ánxela fernández Callís: Presidenta (BNG)
 - Germán Fernández Rodríguez (BNG)
 - Beatriz Rodríguez Alfonso (BNG)
 - José Carlos Martínez Crespo (Mixto)
 - Carlos Rodríguez Vicente (PP)
 - Javier Calvo Simois (PP)
 - Fernando González Míguez (PP)
 - SUPLENTE BNG: Alejandro Gonzalez Martínez
 - SUPLENTE PP: Lucía Diego Martínez

CUARTO.- A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, se dará conta ao Pleno, sen prexuízo da efectividade inmediata do nomeamento. Poderá designarse un suplente por cada titular. O suplente substituirá ao titular cando este non poida comparecer á sesión.

QUINTO.- A presidencia nata e efectiva das Comisións citadas, incluída a de Contas, corresponde á Alcaldesa do Concello do Rosal, que poderá delegar a presidencia en calquera concelleiro/a. Poderá tamén designar un Vicepresidente/a para substituír á Presidenta no caso da súa ausencia.

SEXTO.- As Comisións Informativas celebrarán sesións cando asuntos da súa competencia sexan tratados polo Pleno con antelación suficiente á celebración das correspondentes sesións plenarias e a Comisión Especial de Contas conforme ao indicado na normativa aplicable. O día e a hora a establece o/a Alcalde/sa, de conformidade co art. 134 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉTIMO.- Este acordo terá efectos inmediatos dende a súa adopción polo Pleno. sen prexuízo da súa publicación regulamentaria. A Alcaldía convocará as correspondentes sesións de constitución das Comisións creadas dentro do prazo de dous meses a contar dende a mesma data antes sinalada.”

Asinado no Rosal a 11 de xullo de 2023, A Alcaldesa.

(Documento asinado electronicamente na marxe)

